



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR DE XESTIÓN DIRECTA. CORONAVIRUS: COVID-19 (ORDE do 27 de marzo 2020)

1. A QUE PERSOAS VAI DIRIXIDO?

A presente Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas as familias do alumnado que ostenta **a condición de gratuito e do que por renda familiar resulta pagador dun euro** nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

E dicir, as familias que durante o curso escolar pagan 0 euros polo comedor, ou 1€ polo mesmo.

2. EN QUE CONSISTE A AXUDA?

As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

Así, axúdase economicamente a manutención do alumno/a que é o que se viña a facer no centro educativo, por iso non pagaba os 4,50€ de comedor por día que sería o tope máximo a pagar.

3. QUE AXUDA SE VAI A PERCIBIR?

- **(2,50 €) no casos de alumnado gratuidade total**
- **(1,50 €) para o alumnado que paga 1€.**

4. QUE DÍAS CUBRE ESTA AXUDA?

- **Marzo:** dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total só 11 días lectivos.
- **Abril:** dende o 1 ó 3 de abril: en total só 3 días.
- **Prórroga:** si se prolonga outros 15 días cubriría (días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. COMO SE VAI A PAGAR?

En dous pagamentos:

1 pagamento: polo período de marzo e o de abril ata semana santa (3 abril).

2 pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.



6. QUEN SON OS BENEFICIARIOS?

Familias que cumpren os requisitos económicos (punto 1) cun ou máis fillos escolarizados en centros educativos ó cargo da Consellería de Educación.

7. COMO PRESENTAR A SOLICITUDE E QUÉ PRAZO HAI?

Prazo: dende o día **31 de marzo** ó **6 de abril**, ambos inclusive.

Presentación: forma electrónica **sempre**, de dúas formas pode ser:

1. Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia,
<https://sede.xunta.gal>

Para isto é necesario ter certificado dixital ou a chave 365

2. Dirección do Centro: enviando un correo electrónico (ASUNTO: AXUDA COMEDOR) a
ceip.flavia@edu.xunta.es cos seguintes datos:

- DNI do pai ou nai:
- Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€
- Nome do alumno/a:
- Nome do pai/nai:
- Número de conta bancaria:

8. PUBLICÍTASE A RESOLUCIÓN DAS FAMILIAS BENEFICIADAS?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non será exposto publicamente ás familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

9. CANTO TEMPO TARDA EN RESOLVERSE A RESOLUCIÓN?

10 días, desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

10. CANTO TEMPO TARDA A XUNTA DE GALICIA EN ABOAR O PAGAMENTO?

5 días dende que salga a resolución.

Atentamente

A DIRECCIÓN

Ana Villar López